

Á volta do tempo

Estudos de Historia Contemporánea

Aurora Artiaga Rego
Xesús L. Balboa López
Lourenzo Fernández Prieto
Eduardo Rico Boquete (eds.)

Imaxe da cuberta: Luis Seoane. Paisaje, 1978.
Óleo sobre lenzo. 65 x 81 cm. Colección da Fundación Luis Seoane

© dos textos: os autores, 2021

© desta edición: Aurora Artiaga Rego, Xesús L. Balboa López,
Lourenzo Fernández Prieto, Eduardo Rico Boquete, 2021

© dos textos: os autores, 2021

© desta edición: Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2021

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<https://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-983-5

Depósito legal: VG 557-2021

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

MONARQUÍA E NACIÓN LIBERAL: O CASO DE ESPAÑA⁷⁸

MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ

GRUPO HISTAGRA. USC

A figura dos reis europeos foi alterada por mor da Revolución francesa ao iniciarse un proceso de redefinición da institución monárquica no novo marco constitucional do liberalismo. Pero a disputa pola lexitimidade establecida entre monarcas, parlamentos e gobernos sería intensa ao longo do século XIX. Xa en 1815 o teórico francés Benjamin Constant estableceu como un dos dominios contidos nunha monarquía constitucional o «poder real» no sentido de valor mediador desde a neutralidade (Constant, 1815/1989: 20-35). Medio século despois o escritor e xornalista británico Walter Bagehot (1867/2001: 7) determinou o papel que debían ter as testas coroadas na realidade liberal e as súas leis fundamentais, as Constitucións. O autor establecía dúas partes na idea e función do poder: a encargada de adquirir respecto e distinción e a destinada ás funcións de goberno en aras do ben da maioría social. Pero sen dúbida estes postulados pasaban pola perda do poder político que tiveran as coroas para convertelas en entidades con valor simbólico e afastadas, en teoría, de loitas partidistas. Así, ao longo do século XIX e ata a Gran Guerra as monarquías europeas tiveron que reinventarse, seguindo a expresión acuñada por David Cannadine (1983), utilizando valores como a nación, a relixión e a domesticidade burguesa como ferramentas culturais para relacionarse co novo contexto social e político. A nova imaxe simbólica que traduciu a institu-

⁷⁸ Este texto forma parte da produción científica elaborada ao abeiro do proxecto de investigación «Cultura del honor, Política y Esfera pública en la España liberal (1833-1890)», código PGC2018-093698-B-I00.

ción monárquica á linguaxe moderna do liberalismo conseguiuse a través de renovados discursos, símbolos e aparicións públicas, cuestións que están a ser obxecto de estudos nos últimos tempos (San Narciso, Barral Martínez e Armenteros, 2021; Marcuello, 2020; Sánchez, 2019a, Lario, 2019; San Narciso, 2019; Ramos, Murilo e Corrêa, 2018; Banerjee, Backerra e Sarti, 2017; Sellin, 2017; Barral Martínez, 2016a; Brice, 2010; Guazzaloca, 2009; Van Osta, 2006).

Monarquía e liberalismo en España

A partir do reinado de Isabel II monarquía e nación tamén chegaron a establecer un diálogo de convivencia unha vez que a coroa conseguiu ancorarse como símbolo da identidade española (Millán e Romeo, 2013). O proceso arrincaría en 1808 coa invasión das tropas napoleónicas; desde este momento a solución pasaría por un novo pacto constitucional entre o rei e un pobo que se convertía en nación, o novo suxeito soberano. A Constitución de 1812 asentou o principio de soberanía nacional e iniciou con iso a articulación dun novo modelo de monarquía definida pola separación e xerarquización de poderes. É dicir, habería restricións ás prerrogativas rexias, anunciando con iso o dominio da nación. Aínda que a aplicación práctica da Constitución foi limitada, o significado da mesma marcaría o futuro da monarquía ao verse obrigada a (re) formular a súa función mesmo dentro das culturas contrarrevolucionarias (Rújula, 2019; Escrig, 2017); necesitouse modelar unha monarquía moderna que encaixase co novo sistema liberal. Pero foi necesario agardar á desaparición de Fernando VII en 1833 para que a revolución liberal iniciase a súa definitiva implantación, aínda que para iso se pasaría pola guerra civil. O rei deixara como herdeira a súa filla de tres anos, Isabel II, cuxa nai, María Cristina de Borbón, exercería a rexencia. María Cristina aceptou un modelo débil e dubidoso de constitucionalismo a través do Estatuto Real de 1834 que proclamaba a soberanía compartida entre monarquía

e Cortes, pero reforzando o poder da primeira fronte ao modelo de 1812. Durante o reinado efectivo de Isabel II a Constitución progresista de 1837 e a moderada de 1845 proclamaron a soberanía compartida entre monarquía e nación, a igualdade entre a iniciativa real e as Cortes e incrementaron o poder executivo da coroa con respecto á Constitución de 1812⁷⁹.

Pero este só podía ser viable nun contexto de partidos con certo nivel de unión interna fronte a unha realidade en que tanto o Partido Moderado como o Progresista foron manipulados pola raíña para favorecer as discrepancias internas co fin de minimizar o control político (Burdíel, 2010). Tal situación xerou varios intentos de involución política auspiciados pola mesma coroa; o resultado final de tanto desencontro sería a deslaxitimación da soberana e da coroa que representaba, levando ao pronunciamento como instrumento para o cambio político.

A revolución de 1868 –antidinástica pero non antimonárquica, en realidade– supuxo a expulsión de Isabel II e a apertura á mobilización social e participación política que chegaría ata finais de 1874. Coa Constitución de 1869 decretada durante o Sexenio democrático recupérase o principio de soberanía nacional ao definir esta un modelo de monarquía parlamentaria onde as Cortes, como representación da nación, primaban sobre a coroa (Bolaños, 1999; Fuente, 2007). Amadeo de Savoia foi elixido rei de España como Amadeo I polas Cortes o 16 de novembro de 1870, iniciándose un breve reinado onde a desafección da sociedade e a ruptura da coalición revolucionaria levarían á abdicación do duque de Aosta o 11 de febreiro de 1873 (Barral Martínez, 2019a; Troncoso e Mas, 1987).

A primeira experiencia republicana de España apenas sobreviviu e a través dun novo pronunciamento militar o 29 de decembro de

⁷⁹ Para a constitución de 1837 véxase Varela (1984); Lario (2017). Para a de 1845 destaca Marcuello (2013). Para unha visión da coroa e o parlamentarismo isabelino, Marcuello (1998).

1874 iníciase a Restauración borbónica no único fillo home vivo de Isabel de Borbón, Afonso XII. A Constitución de 1876 que lexitimou o novo réxime conservador de deseño canovista recollía conquistas da revolución a cambio de aceptar a soberanía compartida fronte á nacional; o soberano seguiría como poder moderador e con prerrogativas constitucionais, e iso pasaba de novo por uns partidos cohesionados. So así sería posible a rolda de quendas. A prematura morte de Afonso XII en 1885, deixando unha viúva encinta do futuro Afonso XIII como rexente, creou moitas dúbidas sobre a supervivencia do réxime (López, 2016). Os líderes dos partidos dinásticos pactaron o consenso para levar a cabo unha relación harmónica entre o goberno e a oposición, onde a fraude electoral sería unha ferramenta fundamental e a coroa o instrumento último para facer efectivo o cambio de goberno no momento preciso. Iniciábase así unha convivencia harmónica (e interesada) entre liberalismo e monarquía capaz de superar crises políticas de talla maior, caso da sucedida tras a perda das últimas colonias ultramarinas en 1898 (McCoy, Fradera e Jacobson, 2012), ademais dos desafíos e crises xeradas pola Gran Guerra no liberalismo europeo. A Restauración foi un éxito para os seus ideólogos ao sobrevivir á rexencia de María Cristina e estruturar a etapa liberal do reinado efectivo de Afonso XIII desde 1902. Pero á altura de 1923, aínda que o sistema comezara tenuemente a transformación cara a un réxime parlamentario pleno, estaba xa nunha crise sen retorno que levara a un rexeitamento cara á persoa do rei en particular e cara á institución en xeral, o que propiciaría o apoio de Afonso XIII ao golpe de Estado do xeneral Miguel Primo de Rivera. Dentro da súa prerrogativa constitucional Afonso XIII nomeou a Primo de Rivera «ministro único»⁸⁰, procedeu á disolución do Congreso e do Senado e extralimitouse coa destitución dos seus presidentes. Ademais, ao non convocar novas Cortes no prazo de tres meses tamén incumpriu o establecido

⁸⁰ *Gaceta de Madrid*, 16-09-1923.

na Constitución e faltou ao seu xuramento á mesma, cuestión que o levaría a asumir a responsabilidade política da ditadura, identificando a súa figura coa do ditador; o resultado foi a fin (temporal) da monarquía.

O diálogo entre monarquía e liberalismo iniciado coa Constitución de 1812 pechábase así *sine diem* coa proclamación da II República en 1931. Foi un século longo de loitas e transaccións intensas onde, ademais dos materiais políticos e constitucionais, tamén foron determinantes toda unha serie de elementos culturais relacionados coas novas funcións representativas e simbólicas que a monarquía tivo que afrontar coa revolución liberal.

A historia cultural da política ofrece posibilidades de análises desde enfoques de carácter interdisciplinar e transversal a través dos que se chegou a avances significativos acerca das representacións e funcións simbólicas da monarquía como institución e dos reis como personaxes. Para iso cruzouse a coroa con numerosos aspectos: desde a relixión e a cuestión de xénero ata a iconografía en soportes públicos como moedas e selos, ou os elementos simbólicos da nación como a bandeira e o himno. Ademais, a mesma perspectiva de análise cultural concibe a monarquía como unha institución que asume valores sociais e morais, mesmo desde a idea de espectáculo público desenvolvido en cerimoniais, exposicións e visitas reais, sumando o caso español a outros exemplos europeos como o británico, emblema do monarquismo banal (Olechnowicz, 2007; Langland, 1997; Billig, 1992/1995). Ao longo do século XIX os monarcas españois tamén deixarían de mostrarse ante os seus súbditos para facelo ante os seus cidadáns; e a súa forma de representación, da maxestrosidade desde a familiaridade, tamén foi evolucionando ata converterse na encarnación da nación. Sintetizar os aspectos da simbiose entre monarquía e nación a través dunha aproximación do significado das viaxes e visitas reais dos soberanos españois contemporáneos será o propósito deste capítulo.

Viaxes reais e identidade nacional

As visitas reais sempre foron un dos acontecementos festivos máis significativos que podía suceder nunha vila ou cidade. A transición desde os rituais absolutistas –de tonalidade barroca e reducidos á corte– cara á popularización da institución para a súa transformación en símbolo nacional fíxose a través do contacto directo co pobo, a «monarquía escénica» da que fala Javier Moreno (2013) para definir o seu novo poder, neutral pero simbólico. Pero mantendo ao mesmo tempo a aura de maxestosidade, a maxia ou misterio da que falaba Bagehot (1867/2001: 41).

A presenza dos soberanos nas rexións e cidades do seu reino tiña como obxectivo aproximar a coroa ao pobo para visualizar a nación e o estado –conceptos abstractos– na figura dos seus reis, seres humanos con quen se interactuaba a través das celebracións e a teatralidade monárquica despregada. Sen dúbida, as aglomeracións populares durante as viaxes reais foron a maior proba de respaldo social e moral en favor da nacionalización, máis que da monarquización da nación, para recrear a comunidade imaxinada (Villares, 2016)⁸¹.

De Fernando VII a Amadeo I

Cando a finais de marzo de 1814 Fernando VII inicia a súa viaxe de ‘regreso triunfal’ a España despois do seu cativerio no castelo de Valençay en Francia provocou berros de «Rei, Patria e Deus» ao seu paso por Reus, Xirona e Tarragona⁸². Antes da súa entrada a Madrid o 13 de maio tamén pasaría por terras aragoñas e valencianas onde o entusiasmo popular desbordouse. Na

⁸¹ Para unha visión análise das viaxes reais desde Isabel II a Afonso XIII véxase Barral Martínez (2021). Para a idea de comunidade imaxinada, Anderson (1983).

⁸² *Diario de Valencia*, 04 e 06-04-1814. Para a viaxe de regreso do rei Fernando VII, Rújula (2019); La Parra (2018); Lledó (2014) e Soler, Sevillano e La Parra (eds.) (2013).

súa visita a Valencia, entrando na provincia a través de Segorbe o 15 de abril e ao día seguinte na capital do Turia, o rei estivo vinte días⁸³. Asistiu aos *Te Deum*, visitou o Colexio de Corpus Christi, a Universidade e a Academia de Belas Artes, recibiu as autoridades e a oligarquía nobiliaria, fixo excursións e o último día da súa estancia na cidade, o 4 de maio, asinou o Real Decreto da disolución de Cortes, a abolición da Constitución e a súa obra lexislativa; o documento faríase público en Madrid dez días despois. Sen dúbida, o arrogante orgullo absolutista do rei retroalimentaríase ante o apoio popular que recibiu (Hernando Serra, 2020: 272-276).

Durante a etapa do reinado efectivo de Isabel II púxose en práctica a conversión da coroa española nunha institución capital para a construción do estado-nación. Pero á altura dos anos cincuenta, cando o moderantismo centralista se atopaba xa nunha profunda crise, sucede a revolución de 1854, o que levou a un cuestionamiento da continuidade da soberana. Como intento de reverter a situación, a partir do segundo goberno do xeneral O'Donnell proxectouse unha campaña de viaxes reais que se desenvolverían entre 1858 e 1866 co fin de mellorar a imaxe da raíña, da familia real e da coroa, é dicir, para nacionalizar a monarquía; outro obxectivo pretendido sería a superación da revolución de 1854, aquela que a cuestionara. A través das teóricas calidades humanas que caracterizaban a soberana —a bondade, a proximidade, a relixiosidade e a munificencia— pretendeuse que o personaxe chegase ao pobo para fomentar a identidade nacional. Foron promovidos seis grandes desprazamentos en que a familia real visitou a xeografía peninsular: entre maio e xuño de 1858 visitaron Alacant e Valencia; en xullo e setembro Valladolid, León, Asturias e Galicia; entre setembro e outubro de 1860 viaxaron ás illas Baleares, Cataluña e Aragón; no verán de 1861 estiveron en Santander; entre setembro e outubro de 1862 desprazáronse

⁸³ *Diario de Valencia*, 11-04-1814.

a Andalucía e Murcia; e en decembro de 1866 a Estremadura e Lisboa⁸⁴.

Nas crónicas oficiais escritas e fotográficas e nas reportaxes de prensa recorreuse á historia para lexitimar o trono na figura da raíña e do príncipe herdeiro. O historicismo conectaba coas etapas Antiga e Media mediante alusións aos heroes, cun protagonismo especial dos Reis Católicos –creadores da monarquía española– e organizáronse actos litúrxicos como oficios de Acción de Grazas –*Te Deum*– nos templos relixiosos representativos e as visitas da ‘raíña peregrina’ aos sepulcros de Virxe de Covadonga –icona da identidade patria desde a Reconquista– e do Apóstolo Santiago –que vencera os mouros na batalla de Clavijo– para realizar a Ofrenda Real no Ano Santo de 1858, tal e como marcaba a tradición. As crónicas tamén manifestan o entusiasmo social polas celebracións e os actos acontecidos durante os desprazamentos. Era unha expectación popular cargada de identidade española e monárquica que se mesturaba con elementos de identidade provincial e rexional, aínda sen connotación política. Os aplausos e os vivas xunto aos cánticos populares, himnos e versos que se declamaban ao paso da comitiva rexia nos desfiles e escritos mesmo en variantes dialectais, mesturábanse cos sons das gaitas rexionais, a Marcha Real e outras melodías castrenses, a bandeira bicolor e o pendón de Castela, o escudo real e arcos de triunfo construídos *ad hoc* con simboloxía nacional, ademais do mesmo feito de que a raíña vestise os seus fillos con vestimentas populares. Xunto a isto, a vinculación da institución coa idea de progreso con que sempre se identificou o liberalismo sabelino foi explotada a través das visitas a centros de produción e exposicións, universidades e a inauguración de obras e liñas de ferrocarril. Pero a constante implicación de Isabel II nas loitas políticas, a deriva autoritaria da

⁸⁴ Para as visitas rexias de Isabel II, Gutiérrez Lloret (2020), Núñez García (2019), Naldi (2018), Barral Martínez (2015 e 2012), Fernández Albéndiz (2007), Carasa (2007) e Riego (1999).

soberana coa súa tendencia para nomear gobernos reaccionarios durante a década de 1860 e a súa identificación cunha moral cristiá pouco acorde cos canons sociais establecidos levarían á revolución de setembro de 1868 que propiciaría a súa marcha e a fin temporal do réxime liberal doutrinario baseado na Constitución de 1845 (Burdíel, 2010: 536 e 573).

Amadeo de Savoia, segundo fillo do rei de Italia Vítor Manuel II, exemplo de monarca liberal-demócrata, foi elixido polas Cortes españolas o 16 de novembro de 1870, aspecto discordante, cando menos, coa lexitimidade monárquica. A mesma prensa satírico-republicana referíase ao «raro caso de monarca electivo que debía gañarse o favor popular»⁸⁵. Sería o primeiro intento dunha verdadeira monarquía democrática en España, cun rei non depositario da soberanía, segundo establecía a nova Constitución de 1869, e cunhas funcións exercidas polos ministros; un rei «que reina e non goberna», segundo o principio clásico establecido por Adolph Thiers.

O exemplo inglés seguía sendo o modelo de democracia para os Estados europeos xunto coa conversión da imaxe da monarquía no emblema da autoestima nacional. Sen dúbida ambos os propósitos animarían a Amadeo I no seu proxecto de socializar a monarquía Savoia en España, pero a súa condición de estranxeiro foi un obstáculo permanente no hipotético arraigamento da nova dinastía, polo que foi consciente de que necesitaría pasearse por España para socializar a súa imaxe. Xunto a políticos do goberno –sobre todo Ruiz Zorrilla– e as escasas elites que lle eran afíns desenvolveu un programa de proxección social da coroa, a nacionalización española en clave monárquica pero savoiana. Historiadores do réxime como Antonio Pirala (1870: 203) vincularon a implantación da nova familia coa rexeneración do país e defenderon as raíces que vinculaban os Savoia cos Austrias a través da figura de Carlos I e cos Borbóns a través de Filipe V.

⁸⁵ Gil Blas, 05-01-1871.

As referencias historicistas, igual que se fixera previamente con Isabel II e despois se fará con Afonso XII e Afonso XIII, pretendían vincular o pasado co presente. Desde Italia tamén se lembraba a orixe de ambos os pobos, un pasado común que salientaría a «civilización latina» (Mira Abad, 2011: 315-316).

A primeira viaxe dos monarcas Amadeo de Savoia e Maria Vittoria dal Pozzo foi a Alacante en marzo de 1871, onde os efectos da febre amarela a finais de 1870 foran devastadores. A partir desta primeira experiencia organizáronse dúas visitas para os meses de verán que foron realizadas só polo rei. Unha delas foi ao centro, nordés e levante en setembro de 1871 para visitar Madrid, Valencia, Castelló, Tarragona, Barcelona, Xirona, Lleida, Zaragoza, Navarra e Logroño. A segunda viaxe realizouse ás provincias do noroeste, entre xullo e agosto de 1872 para visitar Santander, Xixón, Avilés, Ferrol e A Coruña (Barral Martínez, 2019a; Mira Abad, 2007).

Con respecto ás visitas previas de Isabel II e as posteriores de Afonso XII e mesmo Afonso XIII, aínda que o protocolo de actuación segue unhas pautas similares, as estancias dos Borbóns foron festas cívicas a modo de romarías españolizadas en clave monárquica (borbónica) onde se explotou o valor moral da munificencia dos reis; para o caso das visitas de Amadeo I a sociedade mostrou frialdade e indiferenza. O silencio do pobo evidenciou que os mesmos dispositivos non obteñen iguais resultados cando os actores sociais que sostiñan a monarquía non recoñecían ao seu titular.

A Restauración dos *Afonso*s (XII e XIII)

Tras o singular reinado de Amadeo I e a breve experiencia republicana a coroa converteuse en elemento fundamental ao quedar definida na Constitución de 1876 como peza que compartía a soberanía coas Cortes. Aínda que de forma inmediata a Gloriosa puxese fin á monarquía en España, tería un efecto e significado

colateral positivo para o herdeiro, Afonso XII, ao brindarlle a oportunidade de completar a súa formación no Collège Stanislas de París, o Theresianum de Viena e a *Royal Military Academy* de Sandhurst (Forsting, 2018). Sería o monarca máis instruído e formado do trono de España e foi moi consciente da necesidade de coñecer a monarquía constitucional –seguindo sempre o exemplo inglés– á hora de apontoar as súas actuacións e funcións simbólicas (Lario: 2003: 15, 21-22).

Afonso XII entrou en España a través do porto de Barcelona a primeira hora da mañá do día 9 de xaneiro de 1875. O entusiasmo popular que a cidade condal lle propiciou reflectiu o aspecto positivo de achegar a coroa ao pobo. Así, a través da súa presenza en espectáculos da capital e o desenvolvemento dun amplo programa de viaxes oficiais pola xeografía do reino buscouse recrear a identidade nacional que apontoase definitivamente a monarquía borbónica no liberalismo español. Ademais das viaxes que Afonso XII desenvolvera como Príncipe de Asturias acompañando a Isabel II, como rei protagonizou constantes visitas oficiais: no seu primeiro ano de reinado visitou Barcelona, Valencia, Aranzuez e Madrid, Navarra e A Rioxa; en 1876 viaxou ás provincias vascas para proxectar a imaxe de ‘rei soldado’ e pacificador (guerra carlista); en 1877 desprazouse polo Mediterráneo, Asturias e Galicia para dar a imaxe de monarca lexítimo (Borbón) e defensor da unidade nacional; tras o seu primeiro matrimonio por amor coa súa prima María das Mercés de Orleáns e a súa inmediata viuvez en 1878, rodeado desde entón dunha emotividade romántica, renovou as xiras reais en 1879. Este ano trasladouse a Castela A Mancha, Murcia e Cádiz cunha imaxe de símbolo do progreso e da caridade (cristiá) tras as inundacións acontecidas; en 1881 viaxou a Cantabria, Galicia e Cáceres para proxectar o símbolo de garante da política naval; en 1883 desprazouse a Valencia, Castelló, Tarragona, Barcelona, Lleida, Zaragoza, Logroño e Burgos; en 1884, cando xa se coñecía o avance da tuberculose que

sufría, visitou Betelu (Navarra), Asturias e de novo Galicia, dando a imaxe de figura esperanzadora; e en 1885 estivo en Granada e Málaga tras os terremotos sufridos, proxectando de novo a imaxe de monarca caritativo e bondadoso. Para garantir que a figura do rei se vinculase coa identidade nacional empregouse unha posta en escena onde a diversidade rexional foi asumida como medio para conseguir a identidade española nunha dobre inclinación: a constitucional e a dinástica (Barral Martínez, 2019b; Morillas, 2018; Fernández Albéndiz, 2007).

O falecemento do rei en 1885 de novo xerou inseguridade. A súa segunda esposa, a rexente María Cristina de Habsburgo, era unha moza austríaca que se limitaba a valores propios da esfera doméstica e feminina, ademais de non dominar o idioma e descoñecer a política española. Pero o seu carácter serio e dotado de certo tacto para cuestións complexas foron calidades que axudaron a canalizar a situación a través do funcionamento das roldas de quenda. A imaxe que se proxectou da rexente foi sobre todo a de nai que criaba o futuro rei para manter a identidade monárquica.

Sería xa durante a etapa liberal do reinado de Afonso XIII cando as viaxes reais se definiron como verdadeiras políticas públicas. As xiras reais converteron o soberano novo e moderno nunha figura próxima, aclamada e valente, a «masculinidade hexemónica» que levaría a nación cara á rexeneración tras o desastre de 1898, acompañada sempre da condición católica e un patriotismo de ton moi militarista (Barral Martínez, 2016a; Moreno Seco e Mira Abad, 2016). Viaxou de forma sistemática por España e o estranxeiro, sobre todo ata a Gran Guerra, converténdose no primeiro monarca español en réxime de publicidade. As viaxes e visitas do novo rei comezaron antes do inicio do seu reinado. En 1900 visitou o noroeste do país coa súa nai a modo de visita-aprendizaxe; en 1902 iniciou os veraneos sistemáticos en Donostia –desde 1907-1908 alternados cos de Santander– e en 1906, o ano do seu matrimonio con María Vitoria Uxía de Battenberg, xa estivera en todas as

provincias do reino. Pero foi o éxito da viaxe a Barcelona en 1904, promovida polo presidente Maura, o que tamén determinaría o mantemento da práctica en favor do patriotismo rexeneracionista⁸⁶. A corte de Afonso XIII desprazouse aos principais centros industriais e outras localidades destacadas para alternar cos seus promotores, as elites económicas e políticas, pero onde tamén se buscou o contacto co pobo. O protocolo de actuación, de novo guionizado entre a corte, o goberno e as entidades locais reproducíuse nas diferentes rexións, explotando ata os límite aspectos iniciados nas visitas dos seus predecesores no trono de España. Pero isto acontecería sen moita innovación moderna –enténdase democrática– respecto diso: a) As elites continuaron colaborando e expresaron adhesión inmediata no desenvolvemento das visitas. b) O interese da oficialidade por conectar a idea de progreso cunha monarquía moderna foi evidente. O desenvolvemento era un dos estímulos do imaxinario nacional: o ferrocarril, o telégrafo, as edicións ilustradas e os álbums coa fascinación da fotografía como espello da realidade social que implantaba a política liberal. c) A relixión e a idea de monarquía católica tamén estiveron moi presentes. Á chegada de cada visita repetíase a cerimonia de celebración do *Te Deum* no templo relixioso representativo do lugar e ao que os monarcas accedían baixo palio. A través da conexión con lugares de memorias procedíase a unha reinterpretación da historia para nacionalizar a monarquía, á vez que se incluía en tal pretensión a rexionalización da mesma. d) A munificencia foi outro dos elementos explotados e recorrentes que se relacionaba coa caridade cristiá e coa *welfare monarchy* a que se recorreu para facer aceptable socialmente á institución, ao igual que nas monarquías europeas. e) A través do protocolo decorativo e lúdico as masas populares sumáronse á comunidade imaxinada, ao sentimento de españolidade, aínda que so fose de forma mediática e momentánea. A celebración de corridas de touros e zarzuelas, a ilumina-

⁸⁶ *Archivo Xeral de Palacio (AGP)*. Exp. 15.622/10. Maura, 10-10-1908.

ción eléctrica e os espectáculos de fogos de artificio mesturábanse coas badaladas das igrexas, os sons da Marcha Real, o disparo de canóns e desfile de tropas. f) O elemento castrense, vinculado coa relixión –misas de campaña– tamén se reafirmou como o elemento definitorio do imaxinario nacionalmonárquico, esencia do patriotismo español e da identidade herdada de «rei soldado» (Forsting, 2018; Fernández Sirvent, 2010; Boyd, 2003). g) Os elementos de identidade e folclore rexional como traxes típicos da veciñanza, músicas, cánticos, bailes e linguas autóctonas tamén se sumaron ás celebracións lúdicas nas que se converteron as visitas dos reis. Con todo, apréciase certa indolencia á hora de tomar en consideración a forza das identidades alternativas que eclosionaran desde finais do século XIX e que pasaran a converterse en cuestión de Estado.

Durante o réxime autoritario do xeneral Primo de Rivera foi realmente cando Afonso XIII iniciou a súa transición cara ao verdadeiro papel simbólico que lle competía pero que nunca aceptou (Moreno Luzón, 2021: 106). Aínda que é certo que continuou coas visitas rexias para explotar a súa imaxe xunto á igrexa, o exército e os símbolos españois institucionalizados como a bandeira, a nacionalización ‘desde arriba’ do réxime autoritario pretendeu construír un estado-nación moderno –na tónica das ditaduras europeas dos anos vinte– que substituíra o españolismo liberal-monárquico a través da destrución efectiva da monarquía. Ademais, tamén apareceron novos órganos de mobilización como o Somatén, a Unión Patriótica e un exceso de desfiles militares que pasarían a definir as celebracións públicas. E así, as visitas reais, celebracións eminentemente monárquicas ata 1923, foron transformadas en festas nacionais de enaltecemento da raza onde Afonso XIII tamén se converteu en espectador.

Valores sociais para a identidade nacional monárquica

A nación moderna é unha entidade política particular que se corresponde cunha comunidade de cultura pero que constitúe

unha variante do modelo europeo (Thiesse, 2012: 506-507). E en todas elas a dimensión social e cultural de reis, raíñas e familias reais tivo un papel protagonista. A iconografía e simboloxía españolas despregadas en cerimoniais, desfiles e viaxes dos reis conformábaa un ornato público mesturado con elementos da cultura rexional, polo que a transmisión da identidade nacional española auspiciada desde a coroa tamén se vinculou a modo de esferas concéntricas cos símbolos das identidades locais, aspecto que tamén se mimetiza con outros exemplos como o inglés (San Narciso, 2017b; Barral Martínez, 2015; Loughlin, 2013). Pero para que a monarquía lograra representar a unidade e a moral nacional e que esta fose interiorizada pola cidadanía de forma banal sería necesario exemplificar os valores sociais dominantes a través de metáforas familiares para proxectar a percepción liberal dun rei «pai dos seus gobernados», con prestixio político pero co tamiz da moral liberal (Brice, 2012). E esta fisionomía influíu na asunción dos discursos de xénero e de nación, cuestión que tamén permite establecer comparacións con outras monarquías contemporáneas (Ward, 2002). A propaganda real usaba estereotipos de xénero como modelo de esposa e anxo doméstico, nai cristiá e virtuosa, piadosa e caritativa. A raíña Isabel II e as consortes dos reis foron proxectadas como nais para a nación; ao rei home correspondíalle sobre todo o goberno e a representación da mesma, co complemento do ideal de masculinidade hexemónica que se converte en rexenaradora desde comezos do século XX (Margadant, 1999). É dicir, a nación, encarnada na figura do rei ou raíña adquiría os valores e caracteres sexuais da sociedade burguesa, mesturados coa identidade nacional, igual que no caso inglés (Wienfort, 2016; Weisbrod, 2006).

Xa durante a Rexencia de María Cristina de Borbón salientouse a imaxe materna subliñando a súa condición de nai privada das súas fillas. Unha vez que a filla inicia o seu reinado efectivo en

1843 a metáfora familiar gañaría proxección social, sobre todo tras o nacemento do herdeiro en 1857, converténdose tamén en nai da nación (San Narciso, 2017a). Pero Isabel II non foi capaz de representar os ideais liberais e burgueses nin na súa acción política e institucional nin no seu comportamento privado e familiar. Os matrimonios reais formados por Amadeo de Savoia e María Vittoria dal Pozzo, Afonso XII e María Cristina de Habsburgo e por Afonso XIII e Vitoria Uxía de Battenberg tamén desenvolveron representacións familiares relacionadas cos patróns culturais das clases medias e os estereotipos de xénero, algo que se evidencia constantemente nas visitas reais. As representacións e discursos facían referencia ao modo de vida familiar e conxugal, á maternidade e á caridade cristiá, propios da domesticidade burguesa, é dicir, recreáronse ideais domésticos con que se identificaban as familias españolas que compoñían a nación, ao mesmo tempo que se mantiña o compoñente dinástico.

O outro elemento identitario que posibilitou a asunción do novo rol simbólico nacional da monarquía sería o relixioso. Co triunfo do liberalismo, aínda que se estableceu a distinción entre o sacro e o profano, a relixión continuou como vínculo sacro entre a poboación e o novo réxime político; os españois tamén pasaron a ser cidadáns da nación católica na identificación da comunidade de crentes como comunidade nacional. Con estes ingredientes definiuse unha moral nacional identificada coa imaxe dos reis e a súa vida privada que, á súa vez, conectaba coa moral católica e a respetabilidade burguesa na interacción da identidade nacional e de xénero (Fernández Sirvent e Gutiérrez Lloret, 2014). Polo mesmo, o uso das devocións locais e rexionais a modo de lugares de memoria da identidade nacional tamén foi un aspecto moi explotado nas visitas reais. Pero estas prácticas relixiosas, moi unidas á piedade asistencial, tamén eran compoñentes fundamentais da nova relixiosidade que profesaba a realeza europea do século XIX (Wolf, 2010).

Coda

O liberalismo español tamén desenvolveu un programa activo no proceso nacionalizador das masas contando coa imaxe da coroa. Desde a segunda metade da década de 1850 as aparicións públicas dos reis españois experimentaron un aumento extraordinario. Para adquirir autoridade política foi necesaria a súa lexitimación a través da ensamblaxe da identidade nacional, os roles de xénero e a moral católica. Así, os monarcas viaxaron polo reino para gañar popularidade de forma directa; visitaron os templos emblemáticos para mostrar a súa fidelidade á relixión e aos costumes nacionais; inauguraron exposicións, fábricas e estacións ferroviarias para representar o seu compromiso co progreso; e visitaron hospitais e centros benéficos para constatar o seu espírito filantrópico e caritativo. O liberalismo monárquico insistiu na función simbólica da coroa como algo irrenunciabile e a dinastía Borbón pasou a representar a identidade nacional desde sólidas raíces históricas, a moral católica e a domesticidade burguesa.

Pero pouco a pouco a proliferación dos movementos identitarios periféricos, aqueles que non foron tomados coa consideración que debían, menoscabou a intensidade do nacionalismo institucional conservador, de carácter militar e fundamento castelán –castizo– que chegou ata o reinado de Afonso XIII. Tras o conflito internacional da Gran Guerra as monarquías quedaron moi debilitadas, desaparecendo moitas delas. A coroa española seguiu unha historia similar á de Italia –e á de Portugal, uns anos antes– e o rei Afonso XIII converteuse nun anacrónico opresor e corrupto que se valeu dun goberno autoritario encuberto en tecnocracia para clausurar máis dun século de tradición constitucional. O feito de vincular a súa supervivencia ao réxime ditatorial de Primo de Rivera en 1923 abriu as portas a que en abril de 1931 se proclamase a II República. O rei non só perdeu o palacio, senón tamén a maxestade.

Bibliografía

- ANDERSON, B. *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London-New York: Verso.
- BAGEHOT, W. (2001) [1867]. *The English Constitution*. Oxford: Oxford University Press.
- BANERJEE, M. e BACKERRA, Ch. e SARTI, C. (2017). *Transnational Histories of the 'Royal Nation'*. London: Palgrave Macmillan.
- BARRAL MARTÍNEZ, M. (2012). *A visita de Isabel II a Galicia en 1858*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (2015). «Performing Monarchy and national identity in the liberal culture: the case of Galicia (1858)». *Ler História*, (68), 69-84.
- (ed.) (2016a). *Afonso XIII visita España: monarquía y nación*. Granada: Comares.
- (2016b): «Introducción: Las visitas reales como medio de nacionalización. El caso de Alfonso XIII en España». En M. Barral Martínez (ed.), *Alfonso XIII visita España: monarquía y nación* (pp. 1-25). Granada: Comares.
- (2019a). «Socialización española de la monarquía Saboyana: la visita a Galicia de Amadeo I». *Hispania*, (79/262), 389-414.
- (2019b). «La identidad nacional-monárquica en Galicia durante el reinado de Alfonso XII». En Raquel Sánchez (ed.), *Un rey para la nación. Monarquía y nacionalización en el siglo XIX* (pp. 105-130). Madrid: Sílex.
- (2021). «Royal Travels: Staging and Modern Legitimation of the Spanish Monarchy, 1858-1931». En David San Narciso, Margarita Barral w Carolina Armenteros (eds.), *Monarchy and Liberalism in Spain, 1870-1931* (pp. 202-220). Londres e Nova York: Routledge.
- BILLIG, M (1992). *Talking of The Royal Family*. Cambridge: Routledge.
- (1995). *Banal Nationalism*. London: SAGE Publications.
- BLASCO, I. (ed.) (2018). *Mujeres, hombres y catolicismo en la España contemporánea. Nuevas visiones desde la historia*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- BOLAÑOS MEJÍA, C. (1999). *El reinado de Amadeo de Saboya y la monarquía constitucional*. Madrid: UNED.

- BOYD, C. P. (2003). «El rey-soldado. Alfonso XIII y el ejército». En Javier MORENO LUZÓN (ed.), *Alfonso XIII. Un político en el trono* (pp. 213-237). Madrid: Marcial Pons.
- (2010). *Monarchie et identité nationale en Italie (1861-1900)*. Paris: EHESS.
- (2012). «Métaphore familiale et monarchie constitutionnelle. L'incertaine figure du roi père». En Gilles Bertrand et al. (dirs.), *Fraternité. Pour une histoire du concept* (pp. 157-185). Grenoble: CRHIPA.
- BURDIEL, I. (2008). «La ilusión monárquica del liberalismo Isabelino. Notas para un estudio». En Alda Blanco e Guy Thomson (eds.), *Visiones del liberalismo. Política, identidad y cultura en la Europa del siglo XIX* (pp. 137-158). Valencia: PUV.
- (2010). *Isabel II. Una biografía (1830-1904)*. Madrid: Taurus.
- CANNADINE, D. (1983). «The Context, Performance and meaning of Ritual: The British Monarchy and the 'Invention of Tradition', c. 1820–1977». En Eric Hobsbawm e Terence Ranger (eds.), *The Invention of Tradition* (pp. 101-164). Cambridge: Cambridge University Press.
- CARASA SOTO, P. (2007). *La reina en la ciudad. Usos de la historia en la visita de Isabel II a Valladolid, 1858*. Valladolid: Ayuntamiento de Valladolid.
- CONSTANT, B. [1815] (1989). *Escritos políticos*. Madrid: CEPC.
- DARDÉ, C. (2001). *Alfonso XII*. Madrid: Arlanza.
- ESCRIG, J. (2017). «Los *príncipes del siglo*. Modelos e imaginarios de monarquía antiliberal en tiempos de Revolución (1810-1825)». *Alcores* (21), 139-159.
- FERNÁNDEZ ALBÉNDIZ, M. C. (2007). *Sevilla y la Monarquía. Las visitas reales en el siglo XIX*. Sevilla: Universidad de Sevilla.
- FERNÁNDEZ SIRVENT, R. (2010). «De 'Rey soldado' a 'pacificador': representaciones simbólicas de Alfonso XII de Borbón». *Historia constitucional* (11), 89-114.
- FERNÁNDEZ SIRVENT, R. e GUTIÉRREZ-LLORET, R. A. (2014). «Discursos de legitimación de la monarquía española del siglo XIX: Isabel II y Alfonso XII, reyes constitucionales y católicos». *Alcores* (17), 89-114.

- FORSTING, Richard M. (2018). «Military habitus and networks in Prince Afonso de Borbón education (1857-1874)». *Aportes* (96), 127-148.
- FUENTE, G. (2007). «Monarquía y república en la España revolucionaria (1868-1873)». En Ángeles Lario (ed.), *Monarquía y república en la España contemporánea* (pp. 205-229). Madrid; Biblioteca Nueva.
- GUAZZALOCA, G. (dir.) (2009). *Sovrani a metà. Monarchia e legittimazione politica tra Otto e Novecento*. Soveria Mannelli: Rubbettino.
- GUTIÉRREZ LLORET, R.A. (2020). «A la conquista de la nación. Organización y estrategia de nacionalización en los viajes regioes de la monarquía Isabelina (1858-1866)». En Renata De Lorenzo e Ana Rosa Gutiérrez Lloret (eds.), *Las monarquías de la Europa meridional. Ante el desafío de la modernidad* (pp. 363-392). Zaragoza: PUZ.
- HERNÁNDO SERRA, M. P. (2020). «Visita reales y lugares de memoria: el mariscal Suchet, José I y Fernando VII en Valencia». *Hispania Nova* (1), 248-281.
- LA PARRA, E. (2018). *Fernando VII. Un rey deseado y detestado*. Barcelona: Tusquets.
- LANGLAND, E. (1997). «Nation and Nationality: Queen Victoria in the Developing Narrative of English ness». En Margaret Homans e Adrienne Munich (eds.), *Remaking Queen Victoria* (pp. 13-32). Cambridge: Cambridge University Press.
- LARIO ALONSO, Á. (2003). «Alfonso XII. El Rey que quiso ser constitucional». *Ayer* (52), 15-38.
- (2017). «El lugar del rey. La configuración del lugar del rey a partir de la Constitución de 1837». *Alcores* (21), 21-50.
- (2019). «El rey en política. De Alfonso XII a Alfonso XIII». En Raquel SÁNCHEZ (coord.), *Un rey para la nación. Monarquía y nacionalización en el siglo XIX* (pp. 131-156). Madrid: Sílex.
- LLEDÓ, G. (2014). «De Valençay a Valencia: Fernando VII invitado de Napoleón». *Cuadernos del bicentenario* (22), 164-188.
- LÓPEZ, C. (2016). «The Succession of an Unborn King: Constitutional Politics in Spain after the Death of Alfonso XII». En Heidi Mehrkens e Frank L. Müller (eds.), *Sons and Heirs. Succession and Political Culture in Nineteenth-Century Europe* (pp. 147-159). Londres: Palgrave-Macmillan.

- LOUGHLIN, J. (2013). «Royal Agency and State Integration: Ireland, Wales and Scotland in a Monarchical Context, 1840s–1921». *Journal of Imperial and Commonwealth History* (41/3), 377-402.
- MARCUELLO, J. I. (1998). «La corona y la desnaturalización del parlamentarismo Isabelino». *Ayer* (29), 15-36.
- (2013). «El discurso constituyente y la legitimación de la monarquía de Isabel II en la reforma política de 1845». En Encarna García, Mónica Moreno e Juan I. Marcuello (eds.), *Culturas políticas monárquicas en la España liberal. Discursos, representaciones y prácticas (1808-1902)* (pp. 151-176). Valencia: PUV.
- (2020). «Rey, Cortes y formas de gobierno en la monarquía liberal española del siglo XIX. Criterios de métodos e Historiografía». *In Itinere*, Oviedo.
- MARGADANT, J. B. (1999). «Gender, Vice and the Political Imaginary in Postrevolutionary France: Reinterpreting the Failure of the July Monarchy, 1830–1848». *American Historical Review* (104/5), 1461-1496.
- MCCOY, A., FRADERA, W. e JOSEPY JACOBSON, S. (eds.) (2012), *Endless Empires. Spain's Retreat, Europe's Eclipse, America's Decline*. Madison: University of Wisconsin Press.
- MILLÁN, J. e ROMEO, M. C. (2013). «Modelos de monarquía en el proceso de afirmación nacional de España, 1808-1923». *Diacronie. Studi di Storia Contemporanea* (16). <<http://journals.openedition.org/diacronie/837>>.
- MIRA ABAD, A. (2011). «La monarquía imposible: Amadeo I y María Victoria». En Emilio La Parra, (coord.), *La imagen del poder. Reyes y regentes en la España del siglo XIX* (pp. 283-331). Madrid: Síntesis.
- (2007). «La imagen de la Monarquía o cómo hacerla presente entre sus súbditos: Amadeo y M^a Victoria». *Mélanges de la Casa de Velázquez* (37/2), 173-198.
- MORENO LUZÓN, J. (2013). «Alfonso el Regenerador. Monarquía escénica e imaginario nacionalista español, en perspectiva comparada (1902-1913)». *Hispania* (73/244), 319-348.
- (2021). «The two Monarchies of Alfonso XIII, 1902-1931». En David San Narciso, Margarita Barral e Carolina Armenteros (eds.),

- Monarchy and Liberalism in Spain, 1870-1931* (pp. 93-106). Londres e Nova York: Routledge.
- MORENO SECO, M. e MIRA ABAD, A (2016). «¿Un rey viril para una España fuerte? La masculinidad de Alfonso XIII y la nación». En Nerea Aresti, Karin Peters e Julia Brühne (eds.), *¿La España invertebrada? Masculinidad y nación a comienzos del siglo XX* (pp. 101-117). Granada: Comares.
- MORILLAS MOLINA, M. (2018). *La imagen de los viajes y desplazamientos de Alfonso XII como herramienta propagandística*. Madris: UAM. Tese de doutoramento inédita.
- NALDI, F. (2018). «Ante la imagen de la Virgen de la Monarquía y sobre la tumba del restaurador de la misma. I viaggi della famiglia reale al santuario de Covadonga in età contemporanea (1858-1918)». *Spagna Contemporanea* (54), 33-61.
- NÚÑEZ GARCÍA, V. M (2019). «Monarquía y nación a través de la visita de Isabel II a Andalucía en 1862. La dimensión cultural de las ceremonias reales». *Hispania* (79/262), 331-357.
- OLECHNOWICZ, A. (ed) (2007). *The Monarchy and the British Nation. 1780 to the Present*. Cambridge: Cambridge University Press.
- PIRALA, A. (1870). *El rey en Madrid y en provincias*. Madrid: Impresor de Cámara.
- RAMOS, R. MURILO, J. e CORRÊA, I. (coords.) (2018). *A monarquia constitucional del Braganças em Portugal e no Brasil (1822–1910)*. Lisboa: Dom Quixote.
- RIEGO, B. (1999). «Imágenes fotográficas y estrategias de opinión pública: los viajes de la reina Isabel II por España (1858-1866)». *Reales Sitios. Revista de Patrimonio Nacional* (139), 2-13.
- RÚJULA, P. (2019). «Una monarchia populista? Potere assoluto e ricorso al popolo nella Restaurazione spagnola di Ferdinando VII». *Memoria e Ricerca* (62/3), 421-436.
- SAN NARCISO, D. (2017a). «Celebrar el futuro, venerar la Monarquía. El nacimiento del heredero y el punto de fuga ceremonial de la Monarquía Isabelina (1857–1858)». *Hispania* (77/255), 185-215.
- (2017b). «Viejos ropajes para una nueva monarquía. Género y nación en la refundación simbólica de la Corona de Isabel III (1858–1866)». *Ayer* (108), 203-230.

- (2019). «Being a nation through the crown. Banal monarchism and nation-building in Spain, 1833–68». *European Review of History*, 27/4, 474-493.
- SAN NARCISO, D., BARRAL MARTÍNEZ, M. e ARMENTEROS, C. (eds.). *Monarchy and Liberalism in Spain, 1870-1931*. Londres e Nova York: Routledge.
- SÁNCHEZ, R. (2019a). «Hacia una monarquía nacional: la corona como agente de nacionalización en España». *Hispania* (79/262), 323-330.
- (2019b). «Política de gestos: la aristocracia contra la monarquía democrática de Amadeo». *Pasado y Memoria* (18), 19-38.
- SELLIN, V. (2017). *European Monarchies from 1814 to 1906: A Century of Restoration*. Berlin: De Gruyter.
- SOLER, E., SEVILLANO, F. e LA PARRA, E. (eds.) (2013). *Diarios de viaje de Fernando VII (1832 y 1827-1828)*. Alacant: Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- THIESSE, A. M. (2012). «A nación moderna. Entidade política e comunidade cultural. Consecuencias e problemas actuais». En Ramón Máiz (comp.), *Os sentidos das culturas* (pp. 501-515). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TRONCOSO, R. e MAS, M. (1987). «La práctica del poder moderador durante el reinado de Amadeo I de Saboya». *Revista de estudios políticos* (55), 237–272.
- VAN OSTA, J. (2006). «The Emperor's New Clothes: The Reappearance of the Performing Monarchy in Europe, c. 1870-1914». En Jeroen DEPLOIGHE e GITA DENECKERE (eds.), *Mystifying the Monarch. Studies, Power, and History* (pp. 181-192). Amsterdam: Amsterdam University Press.
- VARELA, J. (1984). «La Constitución española de 1837: una Constitución transaccional». *Revista de Derecho Político* (20), 95-106.
- VILLARES, R. (2016): «Prólogo». En Margarita Barral Martínez (ed.), *Alfonso XIII visita España. Monarquía y nación* (pp. XI-XVIII). Granada: Comares.
- WARD, Y. M. (2002). «Queen Victoria and Queen Dona Maria II de Gloria of Portugal: Marriage, Motherhood, and Sovereignty in the Lives of Young Queens Regnant (1828-1853)». *Lilith: A Feminist History Journal* (11), 117-130.

- WEISBROD, B. (2006). «Theatrical Monarchy: The Making of Victoria, the Modern Family Queen». En Regina Schulte (ed.), *The Body of the Queen. Gender and Rule in the Courtly World, 1500-2000* (pp. 238-253). New York: Berghahn.
- WIENFORT, M. (2016). «Dynastic Heritage and Bourgeois Morals: Monarchy and Family in the Nineteenth Century». En Frank Müller e Heidi Mehrkens (eds.), *Royal Heirs and the Uses of Soft Power in Nineteenth-Century Europe* (pp. 163-180). Londres: Palgrave Macmillan.
- WOLF, Ch. (2010). «¿Los monarcas como representantes religiosos de la nación hacia 1900? Una comparación entre el káiser Guillermo II, la reina Victoria y el emperador Francisco José». En Heinz-Gerhard Haupt e Dieter Langewiesche (eds.), *Nación y religión en Europa. Sociedades multiconfesionales en los siglos XIX y XX* (pp. 177-198). Zaragoza: Institución Fernando El Católico.